



Roj: **STSJ GAL 5148/2012 - ECLI: ES:TSJGAL:2012:5148**

Id Cendoj: **15030330042012100383**

Órgano: **Tribunal Superior de Justicia. Sala de lo Contencioso**

Sede: **Coruña (A)**

Sección: **4**

Fecha: **28/05/2012**

Nº de Recurso: **15937/2010**

Nº de Resolución: **386/2012**

Procedimiento: **PROCEDIMIENTO ORDINARIO**

Ponente: **FERNANDO FERNANDEZ LEICEAGA**

Tipo de Resolución: **Sentencia**

T.S.J.GALICIA CON/AD SEC.4

A CORUÑA

SENTENCIA: 00386/2012

N11600

N.I.G: 15030 33 3 2010 0010222

Procedimiento : PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0015937 /2010 /

Sobre: ADMINISTRACION TRIBUTARIA Y FINANCIERA

De D./ña. Leticia

LETRADO PAULO LOPEZ PORTO

PROCURADOR D./Dª. VICTOR **LOPEZ**-RIOBOO Y BATANERO

Contra D./Dª. TRIBUNAL ECONOMICO.ADMINISTRATIVO REGIONAL DE GALICIA

LETRADO ABOGADO DEL ESTADO

PROCURADOR D./Dª.

CODEMANDADA XUNTA DE GALICIA

LETRADO DE LA XUNTA DE GALICIA

RELATOR: D. FERNANDO FERNÁNDEZ LEICEAGA

NO NOME DE EL-REI

A Sección 004 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pronunciou a

SENTENZA

Ilmos./as. Sres./as. D./Dª

JOSE MARIA GOMEZ E DIAZ CASTROVERDE-PTE

FERNANDO FERNÁNDEZ LEICEAGA

MARIA DEL CARMEN NÚÑEZ FIAÑO

A CORUÑA, vinteito de maio de dous mil doce.

No recurso contencioso-administrativo que, co número 15937/2010, pende de resolución ante esta Sala, presentado por Dª Leticia , representado polo procurador Dº **López** rioboo, dirixido polo letrado Dº **López Porto**, contra o acordo de 15.07.2010 do TEAR QUE DESESTIMA LA RECLAMACION NUM000 CONTRA ACUERDO DE LA OFICINA LIQUIDADORA DE SANTIAGO SOBRE LIQUIDACION PROVISIONAL POR IMPUESTO



SOBRE TRANSMISIONES PATRIMONIALES Y ACTOS JURIDICOS DOCUMENTADOS. . É parte a Administración demandada o TEAR , representado polo letrado do Estado e a CONSELLERÍA DE ECO **NO** MÍA, coa asistencia do letrado da Xunta.

É relator o Ilmo. Sr. D. FERNANDO FERNÁNDEZ LEICEAGA.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. -Admitiuse a trámite o recurso, e practicáronse as dilixencias oportunas, presentado o recorrente a súa demanda, na que solicitou que se acollera integramente o recurso.

SEGUNDO. - Conferido traslado á parte demandada, solicitouse a desestimación do recurso, de conformidade cos feitos e fundamentos de dereito consignados na contestación da demanda.

TERCEIRO. - Recibíndose o asunto a proba e declarado concluso o debate escrito, quedaron as actuacións sobre a mesa para resolver.

CUARTO. - Na sustanciación do recurso observáronse as prescricións legais, sendo a súa contía 2.658,63 EUROS.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

PRIMEIRO. - O acto que se recorre é o acordo de 15.07.2010 do TEAR que rexeita a reclamación económico administrativa contra a liquidación do ITP derivada da compravenda dunha finca rústica - escritura de 18.12.2008.

Valor declarado de 5.108,60 euros e comprobado de 40.793,47 euros.

SEGUNDO.- O recurso baséase na: a) caducidade do expediente, e b) falta de motivación do acordo de avaliación.

Tanto o letrado do Estado coma da Xunta opoñense as súas pretensións.

Verbo da caducidade; o expediente iniciouse o 19.10.2009 e rematou o 30.04.2010 - coa notificación da liquidación-, en total 6 meses e once días (en principio, fora do prazo establecido no artigo 104.1 LXT ; nembargantes e coma indica o letrado do Estado, estarmos no suposto previsto no artigo 104.2 Rd 1065/2007, en relación co 102.2 do mesmo texto legal , é dicir, na achega, polo administrado, logo do trámite de audiencia de novas probas ou documentos.

Coma resulta do expediente, notificáronlle o trámite de audiencia o 19.10.2009 - concedéronlle 10 días-, e fixo alegacións o 13.11. Dado que o prazo para as alegacións remataba o 30.10, deben descontarse - coma dilacións imputables ó contribuinte- 13 días, o que carrega que o procedemento, ó tempo da notificación non estaba caducado.

Onde si debemos acolle-lo recurso é no relativo á falta de motivación do informe de avaliación da finca que é o fundamento da liquidación.

Por unha banda e coma alega o recorrente non consta a titulación do perito da administración, só consta que é o titular da oficina liquidadora de Santiago, mais isto é insuficiente para entender que está capacitado, en por si, para determina-lo valor dunha propiedade rústica; non esquezamos que o sistema de comprobación polo que opta a administración é o DITAME DE PERITOS - art. 57.e Lei 58/2003 - e isto esixe coñece-la capacitación do perito. Cuestión que se puxo en dúbida polo recorrente e que non se corrixiu pola administración.

Non só isto sería suficiente para acolle-lo recurso, senón que o propio informe ten omisións que lle privan de todo valor; se ben é certo que o informe pericial reflicte que o valor básico resulta dos estudos de mercado da Consellería e das ponencias catastrais, este é un dato imposible de fiscalizar - non se achegan - , limitándose a indicar que están a dispor do contribuinte na delegación de Facenda.

Como dixemos no PO 10669/2007: *Sobre a cuestión de referencia, esta Sala vén mantendo un criterio constante coincidente co xa manifestado tamén pola Sección Terceira, ao rectificar posicións anteriores. Esencialmente, baséase en que, xa dende a STS de 18/3/94 (RJ 1994 3062), «... fronte ao dereito da Administración a comprobar, debe en todo caso garantirse ao cidadán a posibilidade de admitila ou de impugna-la, para cuxa aceptación ou repulsa é necesario coñecer os datos que para tal efecto o perito da Administración tivo en conta para valorar, polo que será preciso saber se se tiveron en conta os datos de rexistros fiscais, os prezos de mercado, a existencia de compravendas recentes, a antigüidade do inmovible, o sistema de construción, o estado de conservación e outras circunstancias que son precisas en toda valoración, posto que esta é fiscalizable por esta*



xurisdición e é evidente que non só pódese impugnar unha valoración carente de todo fundamento e de todo criterio valorativo, senón que tamén débese fiscalizar o que produce unha indefensión ao cidadán». Formulación que resulta aplicable tanto á conexión do artigo 52 da Lei Xeral Tributaria (LGT) de 1963 co artigo 124.1, coma á vixente LGT de 2003 (artigos 57 e 102.2).

A non achega destes estudos de mercados fai que o informe careza da necesaria motivación.

En todo caso, o defecto mais relevante é que o informe pericial non atende as peculiaridades do terreo (ou cando menos non o explica), limitándose a partir dun valor referencia ou básico, da superficie do terreo e da aplicación de dous coeficientes: pola calidade da situación da parcela (1,54) e polo tipo de acceso e entorno (2,10); coeficientes enchidos de conceptos xurídicos indeterminados que non se explican, fronte o informe achegado polo recorrente que reflicte, polo miúdo, a situación da finca.

Estas deficiencias impiden darlle validez e eficacia ó informe do perito da administración, o que obriga a acolle-lo recurso.

TERCEIRO.- A non se apreciar temeridade ou mala fe, non procede efectuar pronunciamiento en orde á imposición das costas procesuais, de conformidade co disposto no artigo 139 da Lei Xurisdicional .

VISTOS os artigos citados e demais de pertinente aplicación,

FALLAMOS:

Que ACOLLÉMO-LO recurso contencioso-administrativo presentado por D^a Leticia contra a resolución de 15.07.2010 do TEAR (liquidación ITP, exped. NUM000), anulándoa por contraria a dereito, con devolución do ingresado e xuros. Sin efectuar pronunciamiento en orde á imposición das costas procesuais.

Notifíquese ás partes e, no seu momento, devólvase o expediente administrativo á súa procedencia, con certificación desta resolución. Contra esta resolución teñen un recurso de CASACION EN INTERESE DE LEI, nos termos - de lexitimación - que establece o art.100.1 LXCA no prazo de TRES MESES a presentar na Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo cos requisitos que establece o art.º 100.3 LXCA .

Así o pronunciamos, mandamos e asinamos.

PUBLICACION. - A sentenza anterior foi lida e publicada o mesmo día da súa data, polo Ilmo. Sr. Maxistrado Relator D. FERNANDO FERNÁNDEZ LEICEAGA ao estar a celebrar audiencia pública a Sección 004 da Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Dou fe. A CORUÑA, viteito de maio de dous mil doce.